

13 Abril de 2015 - Revista 1016

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 9

BOLSAS E AXUDAS / 11

PREMIOS E CONCURSOS / 12

NOVAS DE EMPREGO / 13

EN PORTADA

Os mozos e mozas galegos que participen en programas de educación non formal poderán certificar a súa experiencia

Martes, 07 Abril 2015 08:49



Os mozos e mozas galegos que participen, ou teñan participado, en programas de educación non formal poderán certificar esta experiencia, grazas á publicación a semana pasada no *Diario Oficial de Galicia (DOG)* da orde que regula este recoñecemento.

Este foi un dos aspectos dos que informou hoxe a *conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato*, na reunión do *Comité galego de políticas de xuventude* que tivo lugar esta mañá en Santiago. En concreto, sinalou que poderán optar a estas certificacións aqueles mozos e mozas que participen en programas como **Iniciativa Xove, Erasmus +, Xuventude en acción, A xuventude no mundo, campos de traballo ou Galeuropa**.

De feito, durante a súa intervención, a titular do departamento autonómico salientou a importancia da educación non formal, que permite complementar o currículo académico dos mozos e mozas, e adquirir competencias e aptitudes "moi valoradas" polas empresas. De aí que desde o Goberno galego se teñan mellorado estas iniciativas, tanto cuantitativa como cualitativamente.

Ademais, lembrou que a educación non formal é, xunto co emprego, un dos piares fundamentais da **Estratexia de Xuventude de Galicia 2014-2016**, unha planificación transversal, que conta coa implicación de todo o *Goberno galego*.

Precisamente, durante a reunión de hoxe avaliou a execución desta folla de ruta e marcáronse os obxectivos de cara ao futuro. Cabe lembrar que se trata dun documento flexible, co fin de poder adaptarse ás novas situacións e demandas e obter así máxima optimización.

"*Todos os avances realizados demostran a total confianza que a Xunta ten na mocidade. Conseguir que todo o potencial que atesouran se converta nunha realidade nos próximos anos é o gran desafío que hoxe en día conleva o deseño de políticas de xuventude*", rematou Mato.

Publicadas no DOG axudas para que as entidades locais desenvolvan proxectos para mozos ás que Xuventude destina 600.000 euros

Venres, 10 Abril 2015 07:24



A *Casa da Xuventude de Ourense* acolleu hoxe o **primeiro dos catro encontros provinciais de voluntariado**, no que participan dirixentes, técnicos e voluntarios de entidades e concellos. O *director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro*, inaugurou esta xornada, onde se analizou a actualidade do terceiro sector en Galicia, como a redacción do decreto polo que se crea o **Observatorio Galego de Acción Voluntaria**, as ordes de axudas ou o deseño da estratexia de acción **Voluntaria 2015-2018**.

O *director xeral* aproveitou o encontro para anunciar a publicación hoxe no *Diario Oficial de Galicia* da convocatoria de axudas destinada ás entidades locais para a promoción da información xuvenil e á realización de proxectos dirixidos á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación.

A esta liña de subvencións, a *Consellería de Traballo e Benestar* destina 600.000 euros, un 12,5% máis que o ano anterior. As axudas van dirixidas a concellos e mancomunidades de Galicia, así como tamén aos municipios que, pertencendo a unha mesma zona, acorden desenvolver programas conxuntos de actuación sen constituír unha mancomunidade.

A novidade máis importante desta liña de subvencións con respecto a de anteriores anos é o incremento no importe máximo das axudas para incentivar os proxectos conxuntos. Deste xeito, a orde sinala que as solicitudes individuais de concellos contarán cun importe máximo de 3.000 euros; mentres que si son dous os municipios, a axuda será de 8.000; e, si son tres ou máis, a subvención chegará aos 15.000 euros.

Os beneficiarios das subvencións deberán participar no financiamento cun mínimo do 25 por cento do orzamento total. O período subvencionable abranguerá desde o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2015. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contando a partir de mañá.

Poderán ser obxecto destas axudas os custes derivados do funcionamento normal dun servizo de información xuvenil, así como as actividades de dinamización da información que se levan a cabo. Tamén se subvencionan as actividades formativas e educativas, as relacionadas co espírito creativo e emprendedor da mocidade, os programas de información e asesoramento e, en xeral, os que faciliten a participación xuvenil en actividades de educación non formal e os relacionados co asociacionismo e liderado xuvenil, todos eles destinados á mocidade de idades comprendidas entre os 12 e os 35 anos.

EN PORTADA ▶ NOVAS E ACTIVIDADES

Partido de fútbol delarado 'Partido do Carné Xove'

Martes, 07 Abril 2015 06:09



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, coa colaboración da **SD Compostela**, invítante a acudir o entronco de fútbol declarado "**Partido do Carné Xove**" entre a **SD Compostela** e o **Coruxo FC**, que se disputará o **día 19 de abril, ás 17:00 horas**, no **Estadio Municipal de San Lázaro**.

A entradas poderanse retirar nas oficinas da **SD Compostela**, no estadio de San Lázaro, na semana do **13 o 18 de abril**, ou nas taquillas do estadio o mesmo día do partido, **presentando o carné xove en vigor**. Cada titular que presente o carné xove, terá dereito a 2 entradas para a zona de preferencia.

CURSO BÁSICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE

Martes, 07 Abril 2015 06:26

Está **aberto o prazo de matrícula para o curso de Prevención de Riscos Laborais en actividades de Tempo Libre**, que se vai desenvolver entre o **5 de maio e o 26 de xuño na modalidade en liña**.

O **prazo** de matrícula está aberto dende o **5 de abril ata o vindeiro 19 deste mesmo mes**.

A solicitude de participación neste curso, teredes que realizala a través da zona de matrícula da EGAP.

Intercambio xuvenil en Sicilia (Italia). Programa Erasmus+: Xuventude en Acción

Martes, 07 Abril 2015 06:49

A **Asociación de veciños Camino Real**, de Galicia como socia dun proxecto de **Erasmus+: Xuventude en Acción** oferta catro (4) prazas para participar nun intercambio xuvenil que organiza o **Concello de Roccavaldina** e que se desenvolverá en **Sicilia (Italia)** do **20 ao 27 de maio de 2015**.



Título: " Instruments of promotion for youth employment: building our future"

Datas: 20-27 de maio de 2015.

Prazas: 4

Destinatarios/as: mozos/as con idades comprendidas entre os 18-30 anos.

Entidade organizadora: Municipality Roccavaldina.

Lugar de realización: Venue, Roccavaldina. (Me) Sicilia. Italia.

Países participantes: Reino Unido, Croacia, Estonia, Italia, Portugal, Romanía, España, Eslovaquia.

Participantes totais: 38

Cota de participación: 150 €

Cobertura: Os gastos de viaxe (ata un máximo de 270 €), aloxamento, manutención e os derivados da realización das actividades no marco do intercambio serán cubertos pola entidade organizadora.

Gastos de viaxe: A achega máxima do proxecto para o transporte por participante será de 270 € (no caso de que o importe do gasto polo transporte sexa superior aos 270 €, a diferenza será a cargo do/a participante).

O billete de avión será comprado pola entidade organizadora italiana, previo aboamento da cota de participación por parte do/a mozo/a seleccionado/a.

No caso de que o mozo ou moza seleccionado/a proceda á compra do billete pola súa conta, non terá dereito ao seu aboamento.

Unha vez emitido o billete de avión non haberá posibilidade de cambiar o nome do/a participante, así como tampouco o dereito á devolución da cota, no caso de que o mozo ou moza seleccionado/a non poida participar no intercambio.

Será a cargo do/a mozo/a seleccionado os gastos de viaxe de ida e volta dende a súa localidade de orixe ata o aeroporto galego de saída e chegada respectivamente.

Aloxamento: En hotel de tres estrelas ou similar, en habitacións de uso múltiple dobres ou triples (situación fronte á praia).

Inscripción: Os mozos e mozas interesados en participar neste intercambio xuvenil deberán remitir no prazo máis breve posible ao correo electronicotutora_ali@yahoo.es a seguinte información:

1. Nome (segundo figura no documento identificativo co que se vaia a viaxar).

2. Apelidos (segundo figuran no documento identificativo co que vaia a viaxar)
3. Domicilio (segundo figura no documento identificativo co que vaia a viaxar)
4. Localidade
5. DNI ou pasaporte, segundo o documento co que vaian a viaxar
6. Data de nacemento
7. Teléfono móbil de contacto
8. Correo electrónico de contacto
9. Teléfono de contacto en caso de emerxencia
10. Manifestación se queres ou non recibir por correo electrónico información sobre outros proxectos de intercambio xuvenil

Recibida as solicitudes a entidade organizadora poñerase en contacto por correo electrónico con todos/as solicitantes comunicando a obtención ou non de praza. No caso de obter praza facilitaralle aos seleccionados/as máis información sobre o intercambio, así como a forma de aboamento do cota de participación.

Cobertura sanitaria: Os/as mozos/as participantes seleccionados/as que participen no intercambio deberán participar no mesmo coa Tarxeta Sanitaria Europea ou ben o documento xustificativo da súa solicitude.

Recoméndase viaxar co Carné Xove.

Máis información: tutora_ali@yahoo.es

Xurado do concurso de deseño do cartel para o programa Xuventude Crea 2015

Martes, 07 Abril 2015 08:54



Xa temos a composición do xurado do concurso de deseño do cartel para o **programa Xuventude Crea 2015:**

Presidenta: Yolanda Otero Balsa (Subdirectora xeral de Promoción de Actividades da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado)

Vogais:

- José Manuel Ramberde Sexto
- Carmen Pereiras Pérez
- Ana Martínez González
- M^a. Asunción García Cao

- Pilar Tamerón Montesinos
- M^a. Belén Pardal García
- Purificación Ruido Conde
- Dolores Asunción López Mariño
- Cristina Pardo Taracido

Secretaria: Ángela Fernández Rey

Prazas de profesores de español en centros educativos no estranxeiro

Martes, 07 Abril 2015 09:27



O Ministerio de Educación convoca **135 prazas de profesores en seccións bilingües de español** en centros educativos de *Bulgaria, China, Eslovaquia, Hungría, Polonia, República Checa, Romanía, Rusia e Turquía para o curso 2015-2016.*

Prazas e requisitos:

Bulgaria: 15 prazas en Ensino secundario: Español como lingua estranxeira e Lingua e Literatura españolas. Xeografía e Historia.

Titulación: Título de Licenciado en Filoloxía Hispánica ou Eslava. Título de Licenciado ou grao en Xeografía/Historia ou Humanidades.

China: 4 prazas. Ensino secundario: Español como lingua estranxeira.

Titulación: Título de Licenciado ou grao en Filoloxía Hispánica ou Estudos de Asia Oriental. Licenciado/Grao en Tradución e Interpretación, con lingua chinesa incluída no plan de estudos

Eslovaquia: 28 prazas. Ensino secundario: Español como lingua estranxeira e Lingua e Literatura españolas. Matemáticas, Física, Química, Bioloxía.

Titulación: Título de Licenciado ou grao en Filoloxía Hispánica ou Eslava. Título de Licenciado ou grao en Matemáticas, Física, Química ou Bioloxía.

Hungría: 17 prazas. Ensino secundario: Español como lingua estranxeira e Lingua e Literatura españolas. Xeografía e Historia, Matemáticas, Física.

Titulación: Título de Licenciado en Filoloxía Hispánica. Título de Licenciado ou grao en Xeografía/Historia, Matemáticas ou Física.

Polonia: 31 prazos. Ensino secundario: Español como lingua estranxeira e Lingua e Literatura españolas. Xeografía e Historia.

Titulación: Título de Licenciado en grao en Filoloxía Hispánica ou Eslava. Título de Licenciado en Xeografía/Historia ou Humanidades.

República Checa: 20 prazos. Ensino secundario: Español como lingua estranxeira e Lingua e Literatura españolas. Xeografía e Historia, Matemáticas, Física, Química.

Titulación: Título de Licenciado en grao en Filoloxía Hispánica ou Eslava. Título de Licenciado en Xeografía /Historia, Humanidades, Matemáticas, Física ou Química.

Romanía: 10 prazos. Ensino secundario: Español como lingua estranxeira e Lingua e Literatura españolas. Xeografía e Historia.

Titulación: Título de Licenciado en Filoloxía Hispánica ou Románica. Título de Licenciado ou grao en Xeografía/Historia ou Humanidades.

Rusia: 9 prazos. Ensino secundario: Español como lingua estranxeira e Lingua e Literatura españolas. Xeografía e Historia.

Titulación: Título de Licenciado en Filoloxía Hispánica ou Eslava. Título de Licenciado ou grao en Xeografía /Historia ou Humanidades.

Turquia: 1 praza. Ensino primario ou secundaria: Español como lingua estranxeira.

Titulación: Título de mestre con especialidade de Lingua Estranxeira ou Título de Licenciado ou grao en Filoloxía Hispánica.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **22 de abril de 2015**.

Máis información no BOE do 7 de abril de 2015 e en <http://www.mecd.gob.es/educacion-mecd/areas-educacion/actividad-internacional.html>

Axudas para estudar idiomas durante o verán

Mercres, 08 Abril 2015 06:20

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca **150 axudas para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea** durante o verán de 2015, do alumnado universitario matriculado no curso 2014/15 nalgunha das tres universidades do Sistema universitario de Galicia ou nos centros asociados da **UNED en Galicia** coa finalidade de coñecer a lingua dese país.

As actividades para as que se solicita a axuda terán que ser realizadas no período comprendido, única e exclusivamente, entre o **15 de xuño e o 30 de agosto de 2015**, ambos inclusive.



A dotación económica asignada a cada beneficiario/a será dun máximo de 900 €.

Requisitos:

Estar matriculado no **curso 2014/15**, como mínimo en 50 créditos, incluído neles o proxecto fin de carreira, en calquera das universidades do *Sistema universitario de Galicia*, ou nos centros asociados da UNED en Galicia en estudos conducentes ao título de graduado, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico, e ter superado 60 créditos con anterioridade á data desta convocatória.

O curso de idiomas debe ter unha duración mínima de tres semanas, cun mínimo de 15 horas lectivas semanais. O idioma que se desexe cursar deberá corresponderse co idioma oficial do país elixido.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **9 de maio de 2015**.

As solicitudes poden presentarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **ED416A**.

Máis información no DOG do 8 de abril de 2015 e en www.edu.xunta.es

Correspondentes Xuvenis do IES Santiago Basanta Silva de Vilalba

Mercres, 08 Abril 2015 07:57



Patrícia, Ángela, Rocío, Isadora Regina, Pilar, María, Natalia, Nuria, Sandra, Jorge e Nuria son os/as **Correspondentes Xuvenis do IES Santiago Basanta Silva de Vilalba** que difunden información xuvenil entre o resto do alumnado.

Dinnos dende o equipo de orientación que están a facer un gran labor. **Parabéns a todos e todas!!**

Axudas para a promoción da información xuvenil nos Concellos de Galicia

Xoves, 09 Abril 2015 06:32

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca axudas ás entidades locais de Galicia, para a *promoción da información xuvenil* e para a realización de actividades dirixidas á xuventude, no ámbito da educación non formal e da participación para o ano 2015.

Entidades locais beneficiarias:



1. Poderán solicitar estas axudas os concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades de Galicia.

2. Así mesmo, aqueles concellos que pertencen a unha mesma zona sen constituír mancomunidade para estes efectos e acorden desenvolver programas conxuntos de actuación.

3. Ningún concello ou entidade local dos sinalados nos puntos anteriores poderá:

- a) Presentar a solicitude de subvención se o fixo unha entidade local na cal estean integrados ou da cal dependan.
- b) Figurar en máis dunha solicitude colectiva.

c) Figurar nunha solicitude colectiva e subscribir outra individual.

Finalidade da subvención:

- 1. Potenciar a información xuvenil a través dos servizos municipais de información xuvenil integrados na Rede galega de información xuvenil.
- 2. Fomentar as actividades de educación non formal dirixidas á mocidade e a participación xuvenil no ámbito local.

Período subvencionable e contía das axudas:

- 1. O período subvencionable abranguerá desde o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2015.
- 2. A contía máxima que se concederá será de 3.000 €, que poderá chegar ata 8.000 € para o suposto de agrupación de 2 entidades locais e de 15.000 €, se son 3 ou máis as entidades locais agrupadas.

Serán obxecto de axuda:

- a) Os custos derivados do funcionamento normal dun servizo de información xuvenil, así como as actividades de dinamización da información que se leven a cabo desde este.
- b) As actividades formativas e educativas, as relacionadas co espírito creativo e emprendedor da mocidade, os programas de información e asesoramento e, en xeral, os que faciliten a participación xuvenil en actividades de educación non formal e os relacionados co asociacionismo e liderado xuvenil, todos eles destinados á mocidade de idades comprendidas entre os 12 e os 35 anos.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **9 de maio de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **BS305E**.

Máis información no DOG do 9 de abril de 2015.

Xornada informativa programa de mobilidade trasnacional xuvenil (Galeuropa)

Xoves, 09 Abril 2015 12:08

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado organiza unha xornada informativa sobre a próxima convocatoria do programa de mobilidade trasnacional xuvenil **Galeuropa**, un programa de axudas para a realización de prácticas formativas non remuneradas en entidades/empresas público ou privadas de países europeos.

A finalidade do programa é reforzar a empregabilidade e as competencias profesioanais dos mozos/as contribuíndo á mellora da súa formación mediante a adquisición de experiencia profesional para a súa incorporación ao mercado de traballo, ao tempo que se apoia a adquisición de competencias en idiomas estranxeiros.

Esta iniciativa enmárcase dentro do **Programa Operativo de Emprego Xuvenil** cofinanciado pola **Iniciativa Europea de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo**.

Data: 20 de abril de 2015

Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP). R/Madrid, 2-4. Fontiñas (Santiago)

Destinatarios:

- Mozos e mozas maiores de 16 e menores de 25 anos
- Membros de entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades no eido da xuventude
- Técnicos/as de xuventude e de emprego de Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia
- Representantes de empresas interesadas na internacionalización
- Interesados/as en xeral en proxectos de mobilidade

Programa

- 10:30-10:45 h Inauguración da xornada por D. Ovidio Rodeiro Tato, Director Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia.
- 10:45 - 11:45 h. A convocatoria coordinada de mobilidade trasnacional xuvenil. Orixe, finalidade, características, socios. Representantes do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais de Alemaña.
- 11:45 - 12:30 h. O programa de mobilidade trasnacional xuvenil (Galeuropa) en Galicia. Obxeto, características, destinatarios. Yolanda Otero Balsa, subdirectora xeral de Promoción de Actividades da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.
- 12:30 - 12:45h. Pausa café.
- 12:45 - 13:30 h. Panel de experiencias en proxectos de mobilidade trasnacional por parte de D. Guillermo Vergara, Vicepresidente da Fundación Paideia Galiza.

- 13:30 - 13:45 h. Quenda de preguntas
- 13:45 h. Fin da xornada

Inscripcións.- Do **9 ao 17 de abril ás 12:00 h** mediante envío de formulario electrónico.

Deseñando o teu futuro

Venres, 10 Abril 2015 06:10



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca o **programa Deseñando o teu futuro** que consiste en financiar os proxectos dirixidos a que os mozos e as mozas entre 14 e 18 anos realicen estadias-visitas non remuneradas en empresas radicadas na **Comunidade Autónoma de Galicia**, para os efectos de que adquiran competencias, habilidades e cualificacións que complementen o seu desenvolvemento persoal e a súa formación.

Beneficiarios/as

Poderán solicitar estas axudas:

- A)** Entidades sen ánimo de lucro, con sede permanente ou domicilio social en Galicia que lle presten servizos á mocidade.
- B)** Concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades da Comunidade Autónoma validamente constituídas.

Así mesmo, aqueles concellos que pertencen a unha mesma zona sen constituír mancomunidade para estes efectos e acorden desenvolver programas conxuntos de actuación, poderán solicitar as axudas.

Proxectos subvencionables

1. Os proxectos para os que se solicite axuda deberán responder aos seguintes criterios:

- a)** Deben ter como persoas destinatarias mozos e mozas con idades comprendidas entre os 14 e 18 anos con autorización do pai, da nai ou titor/a legal.
- b)** O período do proxecto será de dous meses e terá como data límite de realización o 15 de novembro de 2015.
- c)** A duración das estadias-visitas será entre 5 e 15 días hábiles. As xornadas diarias nas empresas serán de 4 horas como mínimo.
- d)** O número de mozos/as participantes non poderá ser superior a 30.

2. Os proxectos constarán de tres fases:

- a)** Organización e planificación (que inclúe entre outros, o proceso selectivo e a busca de empresas de acollida para as estadias-visitas).
- b)** A realización das estadias-visitas non remuneradas en empresas radicadas en Galicia (incluírá a titorización e o seguimento das estadias).
- c)** Avaliación e seguimento posterior (inclúe a visualización que se lle dará ao proxecto en particular e ao programa Deseñando o teu futuro en xeral).

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **11 de maio de 2015**.

As solicitudes están dispoñibles en <https://sede.xunta.es> no procedemento **BS326A**

Máis información no DOG do 10 de abril de 2015 e en teufuturo.ctb@xunta.es

Convocadas 20 prazas de profesor de inglés en Turquía

Venres, 10 Abril 2015 11:37

Oxford como Academia -Turquía

Localidade de traballo: Estambul- Izmir -Antalya

Requisitos:

- Certificado de Enseñanza es una necesidad.
- Experiencia no requerida
- anglofalantes

Condicions Laborais:

- 1 ano de contrato
- Máximo 26 horas de enseñanza a semana
- Salario anual: 2500TL 3000TL -
- Se proporciona Permiso de Traballo
- Data de inicio: 15 de septiembre

Data límite de recollida dos CV: Venres, **21 de agosto de 2015.**

Máis información: M. Armagan Burcu

turuncum_olcturkey@hotmail.com Tlf.: +905548319698 http://www.usc.es/gl/servizos/saee/aol/modules/jobs/job_0016.html

Gañador do Concurso de deseño do cartel do Certame Xuventude Crea 2015

Luns, 13 Abril 2015 13:59

O **Gañador do Concurso de deseño do cartel do Certame Xuventude Crea 2015** é *Ángel Alberto Otero Frías*, co título/pseudónimo: MOUH.

Iniciativa Xove 2015

Martes, 14 Abril 2015 00:00



A *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* convoca as axudas enmarcadas no programa **Iniciativa Xove** para a posta en marcha de iniciativas xuvenís, entendidas estas como proxectos liderados pola mocidade de Galicia, que se desenvolvan durante o ano 2015, e nos cales as persoas novas sexan as verdadeiras protagonistas, que participarán activamente na planificación e na realización das actividades deseñadas por elas mesmas.

iniciativa xove Consideráanse áreas de atención prioritarias que se han desenvolver mediante as iniciativas xuvenís as seguintes:

- a) Iniciativa Xove Emprendedora:** proxectos que permitan á mocidade concretar as súas ideas no ámbito do emprendemento e da empregabilidade.
- b)** Proxectos de fomento de actitudes creativas, innovadoras, participativas e de liderado da xuventude na súa comunidade e no seu contorno, así como de fomento da accesibilidade de mozos e mozas con discapacidade a actividades culturais e de lecer.
- c)** Proxectos que permitan a participación en experiencias de educación non formal en distintos campos.
- d)** Proxectos relacionados coa creación de espazos para a comunicación e coas novas tecnoloxías.
- e)** Proxectos que fomenten a participación e a dinamización das mulleres novas galegas para que colaboren activamente na toma de decisións, na xestión e na execución desde o asociacionismo ou desde os grupos informais.

Destinatarios/as:

- a)** Os grupos informais de mozos/as que desexen realizar unha iniciativa xuvenil.
- b)** As asociacións xuvenís e as entidades prestadoras de servizos á mocidade que carezan de interese de lucro e as súas respectivas federacións sempre que, no caso destas últimas, o proxecto que presentan non sexa o mesmo que o de cada unha das asociacións/ entidades que as conforman.

Requisitos:

As asociacións xuvenís e as entidades prestadoras de servizos á xuventude e as súas respectivas federacións deberán estar inscritas no censo oficial da **Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado**.

Os grupos informais deberán estar formados por un mínimo de 5 e un máximo de 8 mozos/as con idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos no momento de presentar a solicitude, debidamente identificados/as, e un/unha deles/as asumirá o papel de representante único do grupo e con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario/a, lle corresponden ao grupo. Será obrigatorio que o grupo teña unha denominación que o identifique.

Só se poderá presentar un proxecto por solicitante e o seu orzamento total non poderá ser superior a 4.000 euros.

Neste enlace podedes ver proxectos subvencionados en edicións anteriores:

<http://xuventude.xunta.es/iniciativa-xove.html>

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **11 de maio de 2015**.

Pódese tramitar en <https://sede.xunta.es> no procedemento **BS306B**.

Máis información no DOG do 10 de abril de 2015.

Subvencións concedidas por Iniciativa Xove na provincia de Pontevedra

Martes, 14 Abril 2015 06:34



iniciativa xove

No **DOG do 14 de abril** publícanse as subvencións concedidas a través de **Iniciativa Xove** a entidades xuvenís e grupo informais da provincia de Pontevedra.

Máis información no DOG do 14 de abril de 2015.

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

CURSO BÁSICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE

Martes, 07 Abril 2015 06:26

Está aberto o prazo de matrícula para o **curso de Prevención de Riscos Laborais en actividades de Tempo Libre**, que se vai desenvolver entre o **5 de maio e o 26 de xuño** na modalidade en liña.

O **prazo** de matrícula está aberto dende o **5 de abril ata o vindeiro 19 deste mesmo mes**.

A solicitude de participación neste curso, teredes que realizala a través da **zona de matrícula da EGAP**.

Manipulador de alimentos e Alerxias e intolerancias alimentarias

Martes, 07 Abril 2015 14:28



Recursos Escola de Tempo Libre convoca os seguintes cursos:

Manipulador de Alimentos.

Convocatorias: 22 abril, 20 maio, 17 xuño, 15 xullo, 26 agosto, 23 setembro, 21 outubro, 18 novembro e 16 decembro.

Horario: Mércores de 16:00 a 19:00.

Lugar: Santiago de Compostela- Poligono del Tambre.

Matrícula: 25 €

<http://formacionytrabajo.com/cursos-presenciales/curso-manipulador-de-alimentos/gmx-niv258-con461.htm>

Alerxias e intolerancias alimentarias

Datas ano 2015

Sábado 18 abril de 9:30 - 13:30

Martes 9 Xuño de 16:30 - 13:30

Sábado 12 setembro de 9:30 - 13:30

Xoves 12 novembro de 16:30 - 20:30

Duración: 4 horas

Modalidade: presencial

Lugar: Santiago de Compostela- Poligono del Tambre

Matrícula: 30 €

<http://formacionytrabajo.com/cursos-presenciales/alergias-e-intolerancias-alimentarias/gmx-niv258-con718.htm>

Máis información en **Recursos Escola de Tempo Libre**. Teléfono 981 558 374

Certificados de Profesionalidade en Vigo

Venres, 10 Abril 2015 07:00



Grupo Femxa impartirá en Vigo tres **Certificados de Profesionalidade**.

Diríxense a mozos/as inscritos no programa de Garantía xuvenil e que teñan finalizados os estudos mínimos de Bacharelato xa que son certificados de nivel 3.

Son gratuítos.

XESTIÓN COMERCIAL DE VENDAS

Data: do 20 de abril ao 1 de decembro de 2015

Horario: de 15:00 a 18:20

ASISTENCIA DOCUMENTAL E DE XESTIÓN EN DESPACHOS E OFICINAS

Data: do 23 de abril ao 29 de setembro de 2015

Horario: de 08:30 a 14:30

XESTIÓN ADMINISTRATIVA E FINANCEIRA DO COMERCIO INTERNACIONAL

Data: do 14 de abril ao 8 de setembro de 2015

Horario: de 08:30 a 14:30

O **luns 13 de abril** haberá unha sesión informativa acerca do **Programa de Garantía Xuvenil**, para informar os usuarios entre **16 e 24 anos das vantaxes do devandito programa**, orientalos en como inscribirse no devandito programa e da oferta formativa: <http://promociones.cursosfemxa.com/evento-garantia-xuvenil/>

Información cursos: <http://www.cursosfemxa.es/495-galicia>

Educación en cooperativismo e formación en Asambleas e reunións

Venres, 10 Abril 2015 08:05



ACTIVIDADES DA UCETAG NA REDE EUSUMO 2015

Educación en cooperativismo

Curso de formación
20 horas de formación: 16 horas presenciais e 4 de prácticas
Dirixido a profesionais da educación
Do ensino, a educación social, o tempo libre e outros ámbitos

INSCRIPCIÓN: 986 866 149
teresa@ucetag.org
www.ucetag.org
ACTIVIDADE GRATUITA

27 e 29 de abril e 4 e 6 de maio / de 16:30 a 20:30 Horas
Na Cámara de Comercio, República Arxentina 18 - 36201 Vigo



Ucetag, convoca dúas actividades gratuitas en Vigo.

Educación en cooperativismo.

Curso de formación: 20 horas de formación: 16 horas presenciais e 4 de prácticas. Dirixido a profesionais da educación do ensino, a educación social, o tempo libre e outros ámbitos. 27 e 29 de abril e 4 e 6 de maio en horario de 16:30 a 20:30 Horas. Na Cámara de Comercio, República Arxentina 18 de Vigo.

Assembleas e reunións.

Curso de formación mixta.
30 horas de formación: 24 horas de formación on-line e 6 presenciais. Dirixido a público xeral, especialmente ás persoas das cooperativas, sociedades laborais, asociacións, centros de ensino e todas aquelas que queiran mellorar as súas reunións. Datas do **4 de maio a 5 de xuño**. Sesións presenciais **7 e 21 maio de 17 a 20 horas**.

Na Cámara de Comercio, República Arxentina 18 de Vigo.

Inscripcións: 986 866 149

teresa@ucetag.org

www.ucetag.org

VI Seminario sobre a memoria: "O exilio, a muller e a guerrilla: O Gardarríos"

Luns, 13 Abril 2015 14:31



A Nova Escola Galega convoca o **VI Seminario sobre a memoria: "O exilio, a muller e a guerrilla: O Gardarríos"**, que se desenvolverá entre *Rianxo, Ourense, Viveiro, Mondoñedo e Lourenzá* os días **8, 9 e 10 de maio de 2015**.

As xornadas están homologadas con **20 horas de formación** pola *Consellería de Educación*.

Máis información:

Nova Escola Galega. Rúa das Hedras nº 4, 2º O. 15895 Milladoiro (Ames)

Teléfono 981 562 577

www.nova-escola-galega.org

Educación para a saúde: alteracións e prevención en adolescentes

Luns, 13 Abril 2015 14:48



A **UNED** convoca o curso **Educación para a saúde: alteracións e prevención en adolescentes**.

O curso será presencial na Aula da Rúa de Valdeorras e pódese seguir por videoconferencia no Salón de Actos do **Centro UNED de Ourense**.

Matrícula: 30 euros

Estudantes UNED e ciclos formativos: 25 euros

Demandantes de emprego e discapacitados: 20 euros

Fin de matrícula: mércores 15 abril.

Duración: 10 horas, horario de 16 a 21 horas.

Datas: do 17 ao 24 de abril de 2015.

Matricula online e programa: <http://extension.uned.es/actividad/8320&codigo=EPLSA>

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Monitor de Ocio e Tempo Libre en Vigo

Martes, 07 Abril 2015 07:01



A **Escola de Tempo Libre Koremi**, organiza un **Curso de Monitor de Ocio e Tempo Libre en Vigo**.

Datas: do 20 de abril ao 10 de xuño de 2015.

Horario: de luns a venres de 9:30 a 14:30.

Lugar: Escola de Tempo Libre Koremi. Rúa Cronista Rodríguez Elías 2, torre 2 oficina 3.

Máis información en <http://koremi.es/es/curso-monitor-de-tiempo-libre-en-vigo/>

Monitor/a de Ocio e Tempo Libre

Venres, 10 Abril 2015 09:20



A **Escola de Tempo libre Academia Elisa** organiza un curso de **Monitor/a de Ocio e Tempo Libre**.

Datas: do 17 de abril ao 21 de xuño de 2015.

Lugar: Casa da Cultura de Portas. Pontevedra.

Máis información en Academia Elisa 986 507 019 e 629 205 055.

www.academiaelisa.es

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Sarreaus

Luns, 13 Abril 2015 14:16

CURSO DE MONITOR/A DE TEMPO LIBRE



A **Escola de Tempo libre Limicorum** organiza un curso de **Monitor/a de actividades de tempo libre**.

Datas: do 19 de xullo ao 7 de agosto de 2015.

Lugar: Albergue do CDR O Viso en Lodoselo no Concello de Sarreaus.

O **prazo** para inscribirse estará aberto ata o **30 de maio de 2015**.

Prezos:

Curso: 260 €

curso + xantares: 330 €

Curso con pensión completa: 510 €

Inscripción e máis información:

Escola de tempo libre Limicorum
teléfono 988 461 571
cixdalimia@cdroviso.org
www.cdroviso.org

BOLSAS E AXUDAS ➔ OUTRAS

Proxectos de acción humanitaria no exterior

Martes, 07 Abril 2015 07:27



A **Consellería de Presidencia** convoca **subvencións ás organizacións non gobernamentais**, para a **execución de proxectos de acción humanitaria no exterior**.

Poderán optar a esta subvención as organizacións non gobernamentais que teñan entre os seus fins o desempeño de actuacións de acción humanitaria.

Requisitos das entidades solicitantes:

Estar inscritas no *Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento* (sección A: Organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento), con polo menos un ano de antelación ao de publicación da convocatoria.

Ter sede, domicilio social ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia.

A entidade solicitante poderá presentar un máximo de dous proxectos individuais ou en agrupación.

Requisitos dos proxectos:

Ter unha duración máxima de 12 meses, rematará a súa execución antes do 31 de decembro do 2015 e poderá estar iniciado desde o 1 de xaneiro do 2015.

Que se identifiquen contrapartes ou socios locais que participen responsablemente na execución material do proxecto e na xestión dos recursos, constandingo expresamente o seu compromiso co proxecto. Poderá considerarse como socio local a propia ONGD en terreo.

Que o proxecto estea deseñado para responder a necesidades humanitarias priorizando a poboación con base na súa vulnerabilidade, sen que se discrimine por razón de raza, sexo, relixión, cultura ou orixe.

Prazo: ao ser unha convocatoria de carácter permanente, a solicitude poderá presentarse **ao longo do ano**.

As solicitudes poden tramitarse de forma telemática en <https://sede.xunta.es> no procedemento **PR811A**.

Máis información no DOG do 7 de abril de 2015 e en www.cooperaciongalega.org

Subvencións de creación audiovisual para a promoción do talento audiovisual galego

Mercores, 08 Abril 2015 06:35



A **Axencia galega de industrias culturais, Agadic**, convoca **subvencións para fomentar a creación de obras audiovisuais** con decidida vocación artística e cultural e, en concreto, a escrita de guións e a realización de curtametraxes a cargo de creadores individuais ou a realización de longametraxes a cargo de empresas individuais ou produtoras.

Modalidades de proxectos:

Modalidade A. Subvencións á escrita individual de guión en galego. Subvencións para proxectos de guión de obras orixinais ou adaptación de obras literarias para longametraxes cinematográficas. A contía adxudicada por proxecto será de 5.000 euros.

Modalidade B. Subvencións para a realización de proxectos de curtametraxes gravadas en versión orixinal galega cunha duración inferior a 30 minutos. As subvencións terán unha contía de 6.000 euros.

Modalidade C. Subvencións a proxectos de longametraxes cinematográficas en versión orixinal galega, cunha duración igual ou superior aos 60 minutos e que contén un realizador que non teña dirixido ou codirixido máis de dúas longametraxes cualificadas para a súa explotación comercial en salas de exhibición cinematográfica. As subvencións terán unha contía de 30.000 euros.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **9 de maio de 2015**.

As solicitudes poden presentarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **CT207E**.

Máis información no DOG do 8 de abril de 2015.

PREMIOS E CONCURSOS

XIII Certame de artes plásticas Deputación de Ourense

Xoves, 09 Abril 2015 07:54

